

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 20 DE XULLO DE 2022.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día 20 de xullo de 2022, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde accidental D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asiste á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Rafael José del Barrio Berbel e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA

1.- LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acordouse conceder licenza urbanística para as seguintes actuacións: demolición de alpendre existente e construción de edificio para taller de maquinaria agrícola e forestal en Louzaneta, número 45 (parroquia de San Lázaro da Ponte) (Exp. 196/16); para a demolición de edificación no núcleo rural 26.5, de Vilachá, parroquia de San Pedro de Labio, (Expte: 2022/Y001/000068); e para a construción de vivenda unifamiliar no núcleo rural 10.2 Bocamaos-Vilacendoi-Curral de Arriba-Curral de Abaixo, parroquia de Bocamaos (Exp. 163/19).

Así mesmo, acordouse non outorgar a licenza urbanística solicitada para a legalización de alpendre existente para garda de útiles de labranza en réxime de autoconsumo, en San Lourenzo de Recimil, (Exp. 2021/y001/000124).

Acordouse tamén desestimar o recurso de reposición interposto contra a resolución adoptada polo Decreto 4991, do 10 de maio de 2022, polo que se resolvía a licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar, na parcela sita en Cacabelos, número 20, parroquia de Mazoi (Exp. 2022/p014/000063).

ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

2.- CONTRATACIÓN.- Acordouse designar ao Interventor en calidade de observador para a asistencia á Alcaldía como representante do Excmo. Concello de Lugo no Comité de investimentos do fondo de capital risco participado polo Concello de Lugo. Exp. Ref. 2020/c003/000080.

Acordouse proceder á contratación - mediante lotes - do aluguer de stands para a instalación de postos de venda no San Froilán 2022 e 2023: postos avenida Rodríguez Mourelo (lote 1), postos Praza Maior (lote 2), postos avenida Dr. García

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac6655842654514112925.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 20-7-2022

Portela (lote 3) e postos rúa Puro Cora (lote 4). Aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas así como do gasto, a adxudicación por procedemento aberto. Apertura do procedemento de adxudicación. Exp. Ref. 2022-C004-000016.

Do mesmo xeito acordouse proceder á contratación - mediante cinco lotes - da subministración de loxística (medios técnicos e humanos) e prestación de servizos varios para a produción dos eventos escénicos nas festas patronais do San Froilán 2022. Aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas así como do gasto, a adxudicación por procedemento aberto. Apertura do procedemento de adxudicación. Exp. Ref. 2022-c004-000017.

Acordouse aprobar a única prórroga do contrato para a subministración de produtos de hixiene para as escolas infantís municipais "Serra de Outes" (lote 1) e "Gregorio Sanz" (lote 2). Exp. Ref. 2021/c004/000024, que vai dende o día 26-08-2022 ata 25-08-2023.

Así mesmo, acordouse proceder á adxudicación da contratación da subministración, implantación e mantemento dunha plataforma de xestión integral de servizos públicos "Smart" do Concello de Lugo dentro da estratexia DUSI MURAMIÑAE da muralla ao Miño Código de proxecto: 16DUSI001 incluído no programa operativo FEDER Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro con financiamento do 80%. Exp. Ref. 2021-c004-000031.

ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

3.- CULTURA.- Acordouse aprobar o seguintes convenios:

- Convenio regulador de subvención de carácter nominativo a: Xunta de Confrarías da Semana Santa (V27294891), por importe de 6.000,00 € para promoción e organización da semana santa lucense, ano 2022.

- Convenio regulador de subvención de carácter nominativo a: Fundación Feiras e Exposicións de Lugo (G27161496), por importe de 7.000,00 € para a celebración da vixésimo cuarta edición de "Xuvenilugo 2022", ano 2022.

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.